

## **Complemento de desenvolvemento e perfeccionamento profesional en E. Infantil, Privada NON Concertada e Ensino non Regrado**

15 de febreiro de 2018

En relación ao cobro do Complemento de desenvolvemento e perfeccionamento profesional, desde o SNEP da FeSP-UGT lembrámosche un aspecto importante referente ao complemento de desenvolvemento e perfeccionamento profesional nos convenios anteditos.

- **O XI Convenio de PRIVADA NON CONCERTADA** (IX Convenio Colectivo Nacional de centros de ensino privado de réxime xeral ou ensino regrado sen ningún nivel concertado ou subvencionado) establece no seu artigo 65 **que a empresa facilitará aos seus traballadores a realización de cursos de formación para poder cobrar o “complemento de desenvolvemento e perfeccionamento profesional”**.  
Así mesmo, a Disposición Adicional 1ª do devandito Convenio dispón que, **se as empresas non facilitan a formación requirida, os traballadores percibirán este complemento ao transcorrer cinco anos, sen necesidade de realizar pola súa conta ningunha actividade formativa.**
- **O XI Convenio de EDUCACIÓN INFANTIL** (XI Convenio Colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil) establece no seu artigo 56 que **a empresa facilitará aos seus traballadores a realización de cursos de formación para poder cobrar o “complemento de desenvolvemento e perfeccionamento profesional”**.  
Así mesmo, a Disposición Adicional 9ª do devandito Convenio dispón que, **se as empresas non facilitan a formación requirida, os traballadores percibirán este complemento ao transcorrer tres anos, sen necesidade de realizar pola súa conta ningunha actividade formativa.**
- **O VIII Convenio de NON REGRADA (ACADEMIAS)** (Convenio Colectivo de ensino e formación non regrada), establece no seu artigo 30, que **a**

empresa facilitará aos seus traballadores a realización de cursos de formación para poder cobrar o “complemento de desenvolvemento e perfeccionamento profesional”.


Así mesmo, a Disposición Adicional 1ª do devandito Convenio dispón que, se as empresas non facilitan a formación requirida, os traballadores percibirán este complemento ao transcorrer tres anos, sen necesidade de realizar pola súa conta ningunha actividade formativa.

## **RESUMINDO:**

Os traballadores afectados polos convenios de privada non concertada, educación infantil e non regrada (academias) teñen dereito a que a súa empresa lle facilite a realización dos cursos para cobrar o complemento de desenvolvemento e perfeccionamento profesional e se a empresa non o fai, terán dereito, transcorridos os anos correspondentes, a percibir igualmente o antedito complemento.

***Xuntos podemos máis***

**SINDICATO  
NACIONAL  
ENSINO  
PRIVADO**



Lembra: tes a túa disposición na nosa páxina web máis información: convenio, táboas salariais, etc:

[www.feteugtgalicia.es](http://www.feteugtgalicia.es)